

A un vaso de auga¹

Nácara contrafeita perfílase
tras vidrosa luz, desvelando, en retirada,
un cristal amortecido de amplitude esférica, solemne,
que apresa -cal avaro neptuniano-
repousados mares incoloros;
cilindro proxectado cara á man,
cercado por aquilatada sombra
(recusación tenaz de tantas claridades),
que atravesan feixes branqueados.
Recipiente desbordado pola transparencia,
feitura da miña sede,
que rega e sacia securas e amarguras.

¹ Este texto foi publicado orixinalmente no blogue [Abrentes](#), 11 de outubro, 2019. Está suxeito á licenza Recoñecemento-CompartirIgual 4.0 Internacional de *Creative Commons*. Para ver unha copia desta licencia, visite <http://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/>

